
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Facultade de Ciencias
Económicas e Empresariais

Maio 2010

TITULO PRELIMINAR

ARTIGO 1

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo, para o cumprimento das funcións que lle confiren a Lou e os Estatutos da Universidade de Vigo, rexirase polo presente Regulamento.

ARTIGO 2

A xestión da Facultade estará ordenada polos principios de toma de decisións por maioría e respecto ás minorías. Sen prexuízo do establecido polas normas vixentes e por este Regulamento, cada sector da Facultade poderase dotar das fórmulas organizativas que considere oportunas.

ARTIGO 3

1.- O galego é a lingua propia da Facultade.

A facultade porá en marcha, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación tendentes a garantir a utilización da lingua galega en toas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.

2.- Dentro das súas competencias a Facultade promoverá a difusión da lingua e cultura galegas.

ARTIGO 4

Son órganos da Facultade os seguintes:

- a) Colexiados: Xunta de Facultade, Comisión Delegada Permanente e Xuntas de Titulación
- b) Unipersoais: decana ou decano, vicedecanas ou vicedecanos e secretaria ou secretario.

TITULO 1: DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA FACULTADE

CAPITULO PRIMEIRO: DA XUNTA DE FACULTADE

ARTIGO 5

1.- A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación e decisión da Facultade. Está composta pola decana ou decano, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros adscritos ao Centro:

- a) O equipo decanal ou directivo.
- b) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que constituirá o 51% da xunta de centro.
- c) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade, que corresponderá ó 9% da xunta de centro. En calquera caso, polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.

- d) Unha representación do estudantado que constituirá o 30% da xunta.
 - e) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da xunta.
2. Os membros electos da Xunta de centro serán renovados cada dous anos.

ARTIGO 6

De acordo co artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, son funcións da Xunta de Facultade:

- a) Elaboración, aprobación e modificación da proposta do regulamento de réxime interno.
- b) Elección e revogación do decana ou decano.
- c) Aprobación da proposta de distribución do orzamento anual do centro e da súa execución.
- d) Implantación e seguimento dos planos de estudos.
- e) Coidado do bo funcionamento de tódolos órganos e servizos do centro.
- f) Resolución de conflitos que se poidan producir no seo do centro.
- g) Proposición e aplicación das normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- h) Preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado, do horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como habilitación de medidas do control do cumprimento das obrigas docentes.
- i) Distribución dos espazos que lles sexan asignados ao centro.
- j) Definición e posta en marcha de planos de estudos conduncentes ao título de máster oficial.
- k) Designación de tribunais de avaliación.
- l) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente regulamento.

ARTIGO 7

- 1.- A Xunta de Facultade poderá delegar na súa Comisión Delegada Permanente as funcións sinaladas coas letras e), f), h), j) e k).
- 2.- A revogación do acto expreso de delegación, no caso de terse producido, realizarase nunha Xunta de Facultade Extraordinaria.
- 3.- Mediante acordo motivado de alomenos un tercio dos seus membros, a Xunta de Facultade poderá avocar para si o coñecemento dun asunto que lle corresponde resolver por delegación a súa Comisión Delegada Permanente.
- 4.- Así mesmo, a Comisión Delegada Permanente, por decisión de alomenos a metade dos membros presentes, poderá elevar para o seu refrendo á Xunta de Facultade calquera asunto da orde do día que por delegación lle correspondese resolver.

ARTIGO 8

- 1.- A Xunta de Facultade reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario a iniciativa de:
 - a) A decana ou decano.
 - b) Cando o soliciten un cuarto dos membros da Xunta de Facultade.
 - c) A petición da maioría dos membros da Comisión Delegada Permanente.
- 2.- A instancia para a convocatoria dunha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade dirixirase por escrito ao decana ou decano e incluírá as firmas correspondentes e a proposta dunha orde do día determinada. A decana ou decano deberá convocala nun prazo non superior aos 10 días hábiles contados dende a data de entrada da solicitude no Rexistro da Facultade.

ARTIGO 9

- 1.- A convocatoria deberá facerse por escrito e remitirse, canda menos, con 48 horas de antelación. Poderá entregarse directamente ou empregar fórmulas como o correo ordinario, o electrónico ou calquera outra que permita garantir razoablemente a recepción da mesma.
- 2.- Na convocatoria da Xunta de Facultade deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión.
- 3.- A orde do día será elaborada polo decana ou decano e, de ser o caso, incluírán as peticións presentadas por escrito antes da convocatoria sempre que veñan asinadas por, alomenos, un dez por cento dos membros da Xunta ou pola maioría dos membros da Comisión Delegada Permanente.
- 4.- Na orde do día figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, informe da decana ou decano e rogos e preguntas, agás cando a Xunta teña carácter extraordinario para debater un só tema, para proceder á elección de decana ou decano ou ao seu revogamento.

ARTIGO 10

- 1.- A secretaria ou secretario da Xunta, que será a da Facultade, levantará acta de todas as sesións. No caso de que non puidera asistir, a decana ou decano designará quen faga as súas veces.
- 2.- En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:
 - a) Membros da Xunta de Facultade asistentes á sesión, salientando as ausencias xustificadas.
 - b) Orde do día.
 - c) As circunstancias de lugar e tempo na que foi celebrada a Xunta.
 - d) Os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
- 3.- Na acta figurará, sempre que o soliciten os respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a abstención e os motivos que a xustifiquen, ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera dos integrantes poderá solicitar a transcripción íntegra da súa intervención sempre que aporte por escrito, no prazo que sinale a mesa, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, que se fará constar na acta ou se unirá á mesma.
4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que será incorporado ao texto aprobado.
- 5.- En todo caso, os integrantes da Xunta de Facultade que voten en contra ou se absteñan quedarán exentos da responsabilidade que puidera derivarse dos acordos tomados
- 6.- A acta será asinada pola secretaria ou secretario, ou quen fixera as súas veces, co visto e prace da decana ou decano ou da persoa que exerza a presidencia efectiva da sesión que se reflecta.
- 7.- As actas aprobaranse na seguinte sesión da Xunta de Facultade. Non obstante, a secretaria ou secretario poderá certificar os acordos específicos que fosen adoptados, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
Nas certificacións dos acordos adoptados emitidas con anterioridade a aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

ARTIGO 11

- 1.- As actas da Xunta de Facultade estarán baixo a custodia da secretaria ou secretario da Facultade que permitirá a súa consulta a calquera membro do órgano.
- 2.- Só farán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións expedidas, de orde da decana ou decano, pola secretaria ou secretario da Facultade.
- 3.- As certificacións poderanse expedir:
 - a) De oficio, por requirimento dos órganos das Administracións Públicas -incluída a propia

Universidade de Vigo- ou por órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

b) A instancia de quen acredite un interese lexítimo.

Neste último caso, o contido das certificacións versará só sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións.

ARTIGO 12

- 1.- Para que a constitución da Xunta de Facultade sexa válida precisarase a asistencia da maioría dos seus membros en primeira convocatoria e dunha cuarta parte en segunda convocatoria, que terá lugar un cuarto de hora despois da inicialmente sinalada.
- 2.- Se, transcorrido outro cuarta de hora, non se acadase o quórum necesario para a segunda convocatoria, a decana ou decano procederá a convocala para outro día.

ARTIGO 13

- 1.- O Pleno da Xunta de Facultade estará presidida pola decana ou decano ou vicedecano/a no/a que delegue, asistido por unha Mesa integrada por unha/un vicedecana/o ou secretario/a e un representante de cada sector, elixidos por estes no seu seo.
- 2.- A Mesa interpretará o presente regulamento, podendo alterar a orde de discusión dos puntos da orde do día e decidindo sobre o desenvolvemento dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende.
- 3.- As decisións da Mesa adóptanse por maioría, decidindo a presidenta ou presidente caso de empate.
- 4.- A persoa que ostente a presidencia moderará os debates. De acordo coa Mesa, poderá fixar quendas e tempos máximos de discusión para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinar a duración de cada intervención.

ARTIGO 14

- 1.- Os acordos da Xunta de Facultade adoptaranse por asentimento a proposta da presidencia ou en votación por maioría simple dos asistentes.
- 2.- Non poderán adoptarse acordos validamente se, no momento da votación e previa petición de quórum por algún integrante da Xunta, non estivesen presentes, alomenos, a cuarta parte dos seus membros.
- 3.- No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acadase a maioría absoluta de votos dos presentes, procederase a realizar unha segunda votación entre as dúas máis votadas.
- 4.- Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.
- 5.- Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

ARTIGO 15

As votacións efectuaranse polo sistema de man ergueita, agás cando algún membro da Xunta solicite que serán por papeleta ou a Mesa así o decida.

ARTIGO 16

As sesións da Xunta de Facultade serán públicas. Calquera membro da Facultade que non pertenza á Xunta poderá asistir sen voz e sen voto, agás cando Mesa lle autorice no uso da palabra.

CAPITULO SEGUNDO: DA COMISION DELEGADA PERMANENTE

ARTIGO 17

- 1.- A comisión Delegada Permanente é o órgano ordinario de goberno da Facultade e está composta por:
 - a) A decana ou decano, vicedecanas ou vicedecanos e secretaria ou secretario da Facultade.
 - b) Dez membros electos en representación do profesorado
 - c) Sete membros electos en representación do estudantado.
 - d) Dous membros electos en representación do persoal de administración e servizos.
- 2.- Dos representantes do estudantado, tres corresponderán a cada titulación e o restante á que teña maior matrícula. No caso de empate, procederase a sortear ese resto.

ARTIGO 18

- 1.- Os membros da Comisión Delegada Permanente teñen que selo da Xunta de Facultade. Unha vez escoitada a proposta da decana ou decano, se a houbese, a elección para ocupar os postos da Comisión realizarase no seo da Xunta de Facultade
- 2.- No sector do profesorado, cada elector/a só poderá votar a 7 nomes, 3 no de estudantado da titulación con maior matrícula, 2 no de estudantes da titulación de menor matrícula e 1 en nome no sector do Persoal de Administración e Servizos.
- 3.- Os membros da Comisión Delegada Permanente serán elixidos por un período de tres anos, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

ARTIGO 19

Os membros da Comisión Delegada Permanente cesarán no momento no que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade, cesen no cargo académico que concede esta condición ou se produza a elección dunha nova Decana ou Decano. Se algún membro dimite da Comisión Delegada Permanente a petición propia, procederase á elección dentro do sector correspondente no prazo máis breve posible.

ARTIGO 20

- 1.- Son funcións da Comisión Delegada Permanente:
 - a) Estudar, asesorar e propoñer solucións en todos aqueles asuntos que a Xunta de Facultade, as Comisións Asesoras ou a decana ou decano, somete a súa consideración, así como resolve-los asuntos de trámite.
 - b) Todas aquelas que, de acordo co previsto no artigo 7, lle sexan delegadas pola Xunta de Facultade
 - c) Aquelas funcións que os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente regulamento non atribúan expresamente á Xunta de Facultade, á decana ou Decano ou ás Xuntas de Titulación.
 - d) Aprobación das propostas de organización de estudos de posgrao.
- 2.- As resolucións da Comisión Delegada permanente adoptadas por delegación expresarán esta circunstancia e considéranse dictadas pola Xunta de Facultade.

ARTIGO 21

1. A Comisión Delegada Permanente reunirse, alomenos, catro veces ao ano en sesión ordinaria, podendo facelo con carácter extraordinario a iniciativa de:
 - a) A decana ou decano.
 - b) A petición da cuarta parte dos seus membros.

2. Para que a constitución da Comisión sexa válida precisárase da asistencia da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria e unha terceira parte en segunda convocatoria, que terá lugar un cuarto de hora despois da inicialmente sinalada.
3. Se, transcorrido outro cuarto de hora, non se acadara o quórum establecido na segunda convocatoria deberá procederse a convocala noutra data.
4. As reunións celebraranse sempre nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles.

ARTIGO 22

A convocatoria e a orde do día da Comisión Delegada Permanente rexirase de xeito similar á Xunta de Facultade, tal e como se establece nos artigos 9, 10 e 11 deste regulamento.

ARTIGO 23

1. Os acordos da Comisión adoptaranse por asentimento, a proposta do Decano ou Decana, ou en votación por maioría simple dos presentes.
2. As votacións realizaranse segundo o procedemento establecido polos artigos 14 e 15 deste Regulamento.

ARTIGO 24

1. A secretaria ou secretario da Comisión, que será á da Facultade, levantará acta de tódalas sesións.
2. O contido das Actas, mantemento e certificación de acordos farase de xeito semellante ao disposto nos artigos 10 e 11 deste Regulamento para a Xunta de Facultade.

ARTIGO 25

As reunións da Comisión Delegada Permanente serán presididas pola decana ou decano -ou no vicedecana ou vicedecano na que deleguen- que, a súa vez, será quen dirixirá e moderará os debates.

ARTIGO 26

Cando a natureza dos asuntos o requira, a Comisión Delegada Permanente poderá permitir a asistencia, con voz e sen voto, de membros da Comunidade Universitaria.

CAPITULO TERCEIRO: DAS XUNTAS DE TITULACIÓN

ARTIGO 27

1. A Xunta de Titulación, de acordo co artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo, é o órgano encargado de elaborar, aprobar e modificar as propostas de plano de estudos para cada titulación de grao. Ademais, terán todas aquelas competencias que lles sexan atribuídas pola normativa específica.
2. A Xunta de Titulación terá una composición análoga en proporcións á Xunta de Facultade, agás no caso de titulacións novas, nas que se observará o que regulamentariamente se determine. Deste xeito, intégrana:
 - a) A decana ou decano, que actúa como presidente. No caso de non poder asistir, designará a un vicedecano ou vicedecana para que faga as súas funcións.
 - b) Todo o profesorado da Facultade con vinculación permanente á Universidade, sexa cal sexa a súa adicación. No caso de impartir docencia en máis dunha titulación, pertencerá á aquela na que teña máis carga docente e, de ser idéntica, elixirá á cal

- desexa pertencer mediante escrito dirixido a decana ou decano.
- c) Persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade. No caso de que algún membro imparta docencia en máis dunha titulación, aplicarase o disposto no apartado b).
 - d) Unha representación dos estudantes igual ao 30% da composición total da Xunta de Titulación, dos cales unha sexta parte serán estudantes da terceiro ciclo.
 - e) Unha representación do persoal de Administración e Servicios igual ao 10% da composición total da Xunta de Titulación.
3. Como secretaria ou secretario actuará a persoa que ocupe o mesmo cargo na Facultade e, de non pertencer a Xunta de Titulación, farao con voz e sen voto.

ARTIGO 28

1. As Xuntas de Titulación constituiranse cando así o establezan as normas da Universidade de Vigo ou cando o soliciten, alomenos, a terceira parte dos membros do Pleno da Xunta de Facultade.
2. Para que a constitución sexa válida precisárase, como mínimo, a presenza da maioría dos seus membros en primeira convocatoria e da cuarta parte en segunda, que terá lugar un cuarto de hora despois da inicialmente fixada.
3. Se, tras outro cuarto de hora, non se acada o quórum preciso, procederase a convocala para outra data.
4. Mentres non elaboren o seu propio Regulamento, será de aplicación o disposto neste Regulamento para a constitución e funcionamento da Xunta de Facultade.

TITULO II: DOS ORGANOS UNIPERSOAIS DA FACULTADE

CAPITULO PRIMEIRO: DA DECANA OU DECANO

ARTIGO 29

1. A decana ou decano ostenta a representación da Facultade e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria desta.
2. A decana ou decano é elixida/o pola Xunta de Facultade entre o profesorado adscrito ao centro con vinculación permanente á Universidade.
3. A Decana ou Decano cesará nas súas funcións nos seguintes supostos:
 - a) Ao remate do seu mandato.
 - b) A pedimento propio.
 - c) Por perda das condicións necesarias para ser elixida/o
 - d) Como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade segundo o procedemento previsto neste Regulamento.

ARTIGO 30

Son funcións da decana ou decano:

- a) Exercer a representación da Facultade
- b) Convocar a Xunta de Facultade, a Comisión Delegada Permanente e as Xuntas de Titulación.

- c) Executar os acordos da Xunta de Facultade, da Comisión Delegada Permanente e das Xuntas do Titulación.
- d) Supervisar o funcionamento dos servizos da Facultade.
- e) Dirixir a xestión ordinaria da Facultade.
- f) Propor, oída a Xunta de Facultade, a apertura de informe previo por parte da reitora ou reitor, a calquera membro do centro.
- g) Ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Aquelas que lle atribúan a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Vigo e este regulamento.

ARTIGO 31

Anualmente, a decana ou decano presentará unha memoria da súa xestión que será sometida a consideración do Pleno da Xunta de Facultade.

CAPITULO SEGUNDO: DAS VICEDECANAS/OS E DA/O SECRETARIA/O

ARTIGO 32

1. A decana ou decano designará, de entre todos os membros da Facultade, ás vicedecanas ou vicedecanos, que serán nomeados pola reitora ou reitor.
2. As vicedecanas ou vicedecanos actuarán coas competencias e funcións que lles delegue a decana ou decano e con aquelas que lles atribúa o presente regulamento.

ARTIGO 33

1. A decana ou decano designará un secretario ou secretaria de entre o persoal da Facultade, que será nomeado pola reitora ou reitor.
2. A secretaria ou secretario é quen da fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Facultade, así como quen ten a custodia dos libros de actas destes. Así mesmo, asumirá a recepción, compilación, depósito, custodia e certificación das actas de cualificación das materias.

TITULO III: DA ELECCION E REVOCACION DA DECANA OU DECANO

ARTIGO 34

Concluído o mandato electoral da decana ou decano ou producido o seu cesamento a pedimento propio, por perda das condicións para ser elixida/o, ou por aprobación dunha moción de censura, abrirase un proceso electoral para o cal a reitora ou reitor:

- a) Confirmará á decana ou decano en funcións ata que se produza o nomeamento do que resulte elixido.
- b) Autorizará á decana ou decano en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de 15 días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada nos taboleiros electorais do centro.

ARTIGO 35

1. As persoas elixibles acadarán a condición de candidatos presentando no Rexistro da Facultade a correspondente solicitude na que, ademais dos seus datos persoais, indicarán quen es ocuparán os cargos de vicedecana ou vicedecano e de secretario ou secretaria.
2. A Xunta Electoral da Facultade, cuxa sede deberá estar no centro, encargarse de facer a proclamación de candidatos e resolverá tódalas cuestións que se deriven do proceso electoral.
3. A Xunta Electoral estará composta por:
 - a. A decana ou decano, que a preside.
 - b. A secretaria ou secretario da Facultade, que actuará como secretaria ou secretario da mesma.
 - c. Tres representantes, un por cada sector, dos estudantes, PAS e PDI que se designarán mediante sorteo público xunto aos seus suplentes.
4. No caso de que a decana ou decano en funcións sexa candidata/o, cesará na súa condición de Presidente/a da Xunta Electoral substituíndose pola profesora ou profesor con máis antigüidade segundo a prelación de corpos.
5. A convocatoria de eleccións farase pública no taboleiro electoral do Centro, previa autorización pola decana ou decano en funcións.
6. As solicitudes dos candidatos dirixiranse á presidenta ou presidente da Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria que nunca será inferior a tres días hábiles.
7. No día seguinte á finalización do prazo, a Xunta Electoral publicará a lista provisoria de candidatas ou candidatos contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo de dous días hábiles e que serán resoltas no día hábil seguinte coa publicación da relación definitiva de candidatos.
8. A Xunta de Facultade reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, presidida pola decana ou decano, agás no caso de que a decana ou decano teña a condición de candidato/a que o fará a profesora ou profesor máis antigo segundo prelación de corpos. A presidencia outorgará unha quenda de palabra de 15 minutos a cada unha das candidatas ou candidatos para que expoñan o seu programa. De seguido, terán outros 15 minutos para responder ás preguntas que se lles formulen. Rematadas as intervencións, procederase á votación que será nominal e secreta.
9. Rematado o escrutinio, a candidata ou candidato que obteña a maioría absoluta dos votos dos/as asistentes acadará a condición de candidatura electa. Se ninguén a obtivese, celebrarase unha segunda votación na que esa condición a obtería a candidata ou candidato con maior número de votos. No caso de unha única candidatura, precisaríase acadar maior número de votos a favor que en contra para
10. Finalizada a votación, a secretaria ou secretario levantará a correspondente acta na que se recollerán tódalas incidencias e o resultado do escrutinio. A presidenta ou presidente da sesión elevará ese resultado á reitora ou reitor para que se dicte a resolución de nomeamento correspondente.

ARTIGO 36

1. A Decana ou decano poderá ser apartado do seu cargo mediante moción de censura.
2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ir asinada pola terceira parte dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome da persoa que se propoña como nova decana ou decano.
3. Se a moción de censura reunira os requisitos anteriores, a decana ou decano, ou quen faga as súas veces, terá que convocar unha Xunta Extraordinaria con este único punto na orde do día nun prazo máximo de 15 días hábiles.

ARTIGO 37

Tanto a nova candidatura como a actual decana ou decano disporán dun prazo máximo de 30 minutos para expoñer as súas posicións e liñas xerais de actuación. De seguido, abrirase unha rolda de preguntas cunha duración máxima de hora e media. Rematada a mesma, procederase á votación nos mesmos termos que os sinalados polo artigo 35 deste Regulamento.

ARTIGO 38

1. Se a moción de censura obtivera o voto favorable da maioría absoluta das persoas presentes, proclamarase decana ou decano elexida/o o que figurara na proposta da mesma. Dende ese intre, a antiga decana ou decano actuará en funcións, procedendo a elevar de contado a proposta de nomeamento da nova decana ou decano á reitora ou reitor da Universidade.
2. Se a moción de censura non acadase os votos necesarios, considerárase refugada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra ata transcorrido un ano dende a data de presentación da anterior.

TITULO IV: DAS COMISIONS ASESORAS

CAPITULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS

ARTIGO 39

1. As Comisións Asesoras defínense como instancias de asesoramento técnico, actuando por delegación da Xunta de Facultade ou da Comisión Delegada Permanente.
2. Pola súa propia natureza, as Comisións Asesoras non toman decisións, agás mandato expreso da Xunta de Facultade ou da Comisión Delegada Permanente no caso de funcións delegadas nesta.
3. As Comisións Asesoras poden ser Estables ou Conxunturais. As primeiras responden a cometidos fixos mentres que as segundas constitúense para resolver asuntos concretos e deixan de existir ao rematar estes.
4. Na creación das Comisións Coxunturais deberá especificarse a súa finalidade, composición e normas de funcionamento.

ARTIGO 40

1. As Comisións serán presididas pola decana, decano ou persoa na que delegue, que dirixirá e moderará os debates.
2. Os membros das Comisións teñen que selo da Xunta de Facultade, aínda que a presidencia pode invitar a participar, con voz e sen voto, a outros membros da Facultade.
3. Así mesmo, cada sector poderá elixir membros suplentes en modo similar aos titulares, que actuarán en ausencia destes coas mesmas funcións e poderes.
4. As reunións das Comisións celebraranse nos locais da Facultade en días hábiles. Serán convocadas polos medios axeitados establecidos ao efecto cunha antelación mínima de 48 horas. No caso de urxencia apreciada pola presidencia, poderán convocarse de forma verbal.

ARTIGO 41

1. As Comisións Estables constitúense válidamente cando concorran a metade dos seus membros e adoptarán os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple.
2. As Comisións Estables renovaranse cada tres anos.
3. Os membros das Comisións Estables cesarán no momento no que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade, cesen no cargo académico que concede esta condición, a pedimento propio, ou cando se produza a elección dunha nova decana ou decano. Nestes casos, procederase a elección dos novos membros, dentro do sector correspondente, no prazo máis breve posible.

ARTIGO 42

1. O funcionamento interno das Comisións Estables será determinado polas mesmas, observando sempre o que dispoñan as normas de rango superior.
2. As Comisións Estables elixirán entre os seus membros un secretario ou secretaria, que terá por función levantar acta sucinta das reunións da Comisión na que recolla os acordos adoptados, as opinións contrarias e o resultado das votacións.
3. Na acta, que será pública, deberá figurar unha relación dos membros presentes en cada votación.

ARTIGO 43

As Comisións Estables son:

- a) A de Garantía de Calidade.
- b) A de Relacións Exteriores.
- c) A de Validacións.

CAPITULO SEGUNDO: DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE

ARTIGO 44

A Comisión de Garantía de Calidade constitúese co obxectivo de avaliar e mellorar a calidade de todas as actividades desenvolvidas no seo da Facultade.

ARTIGO 45

A Comisión de Calidade estará formada por:

- a) A vicedecana ou vicedecano de Calidade ou persoa na que delegue que a preside.
- b) Cinco membros do PDI.
- c) Dous membros do alumnado, un de cada titulación.
- d) Un membro do PAS.

CAPITULO TERCEIRO: COMISIÓN DE RELACIONES EXTERIORES

ARTIGO 46

1. A Comisión de Relacións Exteriores créase co obxectivo de facilitar a xestión e o seguimento dos intercambios académicos con outros centros.
2. Os seus cometidos da comisión serán:
 - a) Participar na elección de novos socios nos programas de mobilidade.

- b) Seleccionar ao alumnado da Facultade que accede aos programas de relacións exteriores.
- c) Colaborar na xestión e o seguimento dos distintos intercambios.

ARTIGO 47

A Comisión de Relacións Exteriores estará formada por:

- a) A vicedecana ou o vicedecano de relacións exteriores, ou persoa na que delegue, que a preside.
- b) Cinco membros do profesorado (coordinadores/as ECTS departamentais).
- c) Dous membros do estudantado, un por cada titulación.
- d) Un membro do persoal de administración e servizos da Facultade.

CAPITULO CUARTO: DA COMISION DE VALIDACIONES

ARTIGO 48

A Comisión de Validacións contitúese para resolver tódalas peticións de recoñecemento de estudos cursados noutros centros nacionais ou estranxeiros que se presenten perante o Negociado de Estudiantes desta Facultade.

ARTIGO 49

A Comisión de Validacións da Facultade, salvo o que se dispoña por normas de rango superior, estará integrada por:

- a) A decana ou decano, ou persoa na quen delegue que a preside.
- b) Nove membros do profesorado.
- c) Dous membros do estudantado, un por cada Titulación.

TITULO V: DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 50

A iniciativa para a reforma deste Regulamento pode ser adoptada pola decana ou decano, ou mediante proposta asinada pola terceira parte dos membros da Xunta de Facultade.

ARTIGO 51

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente motivadas. Unha vez recibida a proposta, someterase a votación para a súa toma en consideración no Pleno da Xunta.

Se a proposta acada os votos favorables das dúas quintas partes dos membros da Xunta, abrirase un prazo para a presentación de emendas que se estudarán nunha comisión específica e conxuntural designada pola Xunta e coa mesma representación que teñen nela os diversos sectores. A Comisión ordeará as emendas e faraaas públicas.

A discusión e aprobación das enmendas farase no Pleno da Xunta de Facultade, onde será aprobado o texto definitivo por votación.

ARTIGO 52

Para que a reforma do Regulamento de Réxime Interno sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta dos membros da Xunta. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido o prazo dun ano.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira

Para facilitar a asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Facultade, os representantes do estudiantado terán dereito á dispensa de asistencia ás clases e a poder examinarse noutra data.

Segunda

Para o que non estea disposto no presente Regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro.

DISPOSICION DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor dende o momento da súa aprobación polo Claustro.